

Manuel Maria



Manuel María nace en Outeiro de Rei da Terra Chá (Lugo) o 6 de outubro de 1929, no seo dunha familia de labregos máis que acomodada, Antonio Fernández Núñez e Pastora Teixeira Casanova., . Vive os seus anos da nenez e da adolescencia como calquera outro neno do mundo rural, coa única diferenza de que na súa casa non sufrirán nunca a miseria e a fame que coñecen a maioría das familias naqueles primeiros tempos da posguerra. Comeza a escola en Outeiro en plena guerra civil. Logo prepara en Rábade o ingreso no Instituto cun mestre que dedica as tardes dos sábados a ler e comentar textos poéticos galegos -algo verdadeiramente sorprendente nesa época-, o que lle permite descubrir a existencia da literatura galega nesa etapa inicial da súa vida. Inicia o Bacharelato no curso 1942-43 no Instituto Masculino de Lugo. Antes de rematar o primeiro curso, en maio de 1943, morre o seu pai e faise cargo da súa educación o seu tío paterno, párroco de San Froilán e profesor de Filosofía no Instituto Feminino da cidade luguesa. Nesta cidade comenzou a súa precoz carreira literaria participando, a idade de vinte anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses", no que entrou en contacto cos integrantes da tertulia del café Méndez Núñez (Luis Pimentel, Ánxel Fole, Juan Rof Codina...), que lle puxeron en contacto co galleguismo.

Son anos duros e difíciles, que o futuro poeta vive como internado na Academia Galicia dos maristas até que no 1947-48 regresa ao Instituto para rematar o bacharelato. Sempre que pode, de calquera xeito, retorna aos seus eidos, á liberdade de Outeiro de Rei, onde vive días moi felices coa nai e cos irmáns, integrándose plenamente no mundo labrego. Precisamente é cun criado que traballa na casa, Manuel de Paderna, co que aprende a

facen versos nos mediodías do verán, á sombra dunha oliveira. Ademais da influencia cultural do seu tío crego, moi formado en Teoloxía, Filosofía e Literatura, nese tempo da adolescencia de Manuel María é para el lectura habitual **A Biblia**, a obra de Rubén Darío, os clásicos españois e a **Xeración do 27**.

En 1950 publicou o seu primeiro poemario, *Muiñeiro de brétemas*, co que se inaugurou a denominada "Escola da Tebra" ("Escuela de la Tiniebla"). En 1958 instalouse en Monforte de Lemos (Lugo), cidadana que permaneceu durante a maior parte da súa vida, como procurador dos tribunais, e a que dedicou un poemario (*Cancioneiro de Monforte de Lemos*); ao ano seguinte casa con Saleta Goi. Nos axitados anos sesenta e setenta, colaboraba con numerosas organizacións dedicadas a recuperación da cultura galega impartindo conferencias e recitando poemas.

Presentou tamén a Nova Canción Galega. Sendo a poesía o seu xénero preferido, tamén escribiu ensaio, narrativa e teatro. Pasou de unha postura existencialista pesimista hacia o compromiso social e político. Unha das últimas campañas coas que colaborou foi con Burla Negra e a Plataforma Nunca Máis a raíz do desastre do *Prestige*. **Manuel María Fernández Teixeiro**, mais coñecido como **Manuel María** morre na Coruña, o 8 de setembro de 2004 foi un poeta español en lingua galega, destacado polo seu carácter combativo e o seu compromiso político. Entre os temas dos seus poemas destacan o amor, o arte, o compromiso político, a denuncia de defectos, a etnografía, a física, a historia, a inmaterialidade, a mitoloxía, o mundo animal, a palabra poética, o paso do tempo, a relixión, a sociedade, a lingua, os traballos agrarios, o urbanismo ou a xeografía.

Curiosidades

O comité de estudiantado da Facultade de Filoloxía da Universidade de A Coruña, tras un incansable traballo, logrou que a aula 1.1 pasase a denominarse Aula Manuel María, en honor do poeta e a su profunda colaboración coa facultade e o comité de estudantes en particular. A apertura popular organizada polo comité se levouse a cabo o 22 de

outubre do 2008 coa presenza de poetas galegos amigos de Manuel María como Marica Campo ou Lois Diéguez e da súa viuva Saleta Goi.

Obra

Obras poéticas

- 1950, *Muiñeiro de brétemas*
- 1952, *Morrendo a cada intre*
- 1954, *Terra Cha*
- 1954, *Advento*
- 1957, *Auto do taberneiro. 4 ventos*
- 1958, *Documentos personaes*
- 1960, *Sermón para decir en cualquier tiempo (en castellano)*
- 1961, *Auto do labrego. Céltiga, 4*
- 1962, *Libro de pregos*
- 1962, *Contos en cuarto crecente e outras prosas*
- 1963, *Mar Maior*
- 1964, "A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro", *Grial*, 6
- 1965, "As augas van caudales" *Grial*, 9
- 1966, "Os alugados" *Grial* 14
- 1967, "Raimon, poeta de noso tempo", *Grial*, 18
- 1968, *Proba documental*
- 1968, *Os soños na gaiola*
- 1968, *Barriga Verde*
- 1968, *Noticia da vida e da poesía de Xosé Crecente Vega*
- 1969, *Versos pra un país de minifundios*

- 1969, *Versos pra cantar en feiras e romaxes*
- 1970, *Remol*
- 1970, *Canciós do lusco ao fusco*
- 1971, *A Rosalía*
- 1971, *99 poemas de Manuel María*
- 1971, *O Xornaleiro a sete testemuñas máis*
- 1972, *Odas nun tempo de paz e de ledicia*
- 1973, *Aldraxe contra a xistra*
- 1973, *Informe pra axudar a alcender unha cerilla*
- 1973, *Laio e clamor pola Bretaña'*
- 1973, *Cantos rodados para aliados e colonizados*
- 1976, *Poemas para construír unha patria*
- 1977, *O libro das badaladas*
- 1977, *Poemas ó outono*
- 1978, *Catavento de neutrós domesticados*
- 1979, *As rúas do vento ceibe*
- 1982, *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*
- 1982, *Versos do lume e do vagalume*
- 1985, *O camiño é unha nostalxia*
- 1984, *Cantigueiro do Orcellón*
- 1984, *A luz resuscitada*
- 1986, *Oráculos para cavaliños-do-demo*
- 1986, *Ritual para unha tribu capital do concello*
- 1988, *As lúcidas lúas do outono*

- 1988, *Sonetos ao Val de Quiroga*
- 1989, *Saturno*
- 1990, *Cancioneiro de Monforte de Lemos*
- 1991, *Compendio de orballos e incertezas*
- 1991, *Hinos pra celebrar ao século futuro*
- 1992, *Panxoliñas*
- 1993, *Os lonxes do solpor*
- 1993, *Antoloxía poética*
- 1993, *A primavera de Venus*
- 1993, *Poemas a Compostela*
- 1994, *Cantigas e cantos de Pantón*
- 1994, *Poemas para dicirlle a dúas lagoas*
- 1996, *O Miño, canle de luz e néboa*
- 1997, *Sonetos á casa de Hortas*
- 2000, *Brétemas de muiñeiro*
- 2000, *Camiños de luz e sombra*

Obra dramática

- 1957, *Auto do taberneiro*
- 1961, *Auto do mariñeiro*
- 1970, *Barriga verde*
- 1976, *Unha vez foi o trebón*
- 1979, *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*
- 1979, *Auto trascendental do ensino tradicional*

- 1979, *Farsa de Bululú*



